

Freaks

En *Rinocerontes e quimeras* o escritor arousán Marcos S. Calveiro defríntanos ao drama vivido por un grupo de rapaces deformes que, tendo servido como atracción circense, ven como a fascinación da moda dos autómatas e as novedades tecnolóxicas vai facéndoos caer no esquecemento do público de fins do XIX. Abandonados á súa sorte por Míster B., o que fora o seu director e protector, reflexionan pechos nun vello vagón de tren sobre o seu futuro lonxe dos ambientes feiregos, estarrecidos ante o abismo da incomprendión e o rexeitamento que padecen por parte dunha sociedade que os ve como monstros.

Na estela da inesquecible *Freaks* de Tod Browning –da que esta novela bebe, en moitos sentidos, homenaxeánda–, Calveiro consegue trazar un conflitivo decorado no que a tensura e humanidade



Un entretecido sólido



ARMANDO REQUEIXO

deses seres deformes nos fan (re)cuestionarnos, máis unha vez, os principios éticos que sustentan a nosa sociedade, amosando os estimables valores morais que acoden a estes seres eivados e están ausentes naqueloutros vistos como “normais”.

Páxinas estruturadas con habelancia, con focalizacions contrapuntísticas e frecuentes saltos temporais que, lonxe de complicar a lectura, cohesionan un entretecido sólido onde, devagariño, a narración avanza poderosa, esmerilando os perfís dos protagonistas, abrindo vías secundarias que, coma abondosos afluentes, alimentan o grande río da trama principal.

Méritos que convencen, sen dúbida, e fan más incomprensibles algúns des-

leixos evitables, como certos erros lingüísticos e, sobre todo, os frecuentes anacronismos e inexactitudes históricas (preséntase a Melville como alfandegueiro en 1849 cando non o foi ata 1866; cóntase a morte do famoso rinoceronte de Manuel I como acontecida en Lisboa cando tivo lugar nas costas de Liguria; o mago Robert Poudin –en realidade Robert Houdin– conversa con Míster B. a fins do XIX cando xa morrera en 1871; Maelzel regala a Beethoven en 1813 un metrófono que non patentaría ata 1816; atribúese a Maelzel o malvender o célebre autómata xadrecista alcumado O Turco cando o conservou ata a súa morte...). E, se casí, a capacidade evocativa e a fondura humana rebordantes nestas páxinas fan da narración de Calveiro unha lectura más que recomendable na que descubrimos os rinocerontes e as quimeras que todos levamos dentro.

CALVEIRO, Marcos S.,
Rinocerontes e quimeras,
Ed. Tambre, Vigo, 2007,
157 páxinas.